

Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### BUEU

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE E PRODUTOS DO CAMPO*

Expediente	252/2022
Procedemento	Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)
Código SIA	1441036
Asunto	APROBACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE E PRODUTOS DO CAMPO
Unidade Xestora	200 Administración Xeral–Unidade de Secretaría Servizos Xerais
Documento	Anuncio
Tramite	Aprobación definitiva do regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo

#### *ANUNCIO*

O Pleno da corporación municipal deste concello, en sesión extraordinaria celebrada o 08 de abril de 2024, acordou aprobar definitivamente o regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo.

O 24.01.2024 publicouse no BOP núm.17 o anuncio correspondente á aprobación inicial do regulamento.

Rematado o prazo de exposición ao público e vistas as alegacións/ suxestións presentadas, segundo resulta da documentación que consta no expediente administrativo e do informado polo servizo do rexistro xeral do concello, o Pleno da Corporación municipal en sesión extraordinaria celebrada o 08.04.2024 a proposta da concelleira delegada de Persoal, Promoción Económica, Comercio Local, Turismo e Praias relativa á resolución das alegacións formuladas e á aprobación definitiva do regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo, ACORDA:

PRIMEIRO.— Non aceptar polas cuestións de legalidade sinaladas no informe xurídico as seguinte suxestións/ alegacións:

Alegación formulada respecto ao artigo 8 propoñendo a eliminación dos parágrafos segundo e quinto permitindo a transmisión ou cambio de titularidade para que o poida transmitir a calquera interesado, presentada con rexistro de entrada 2024-E-RC-583 .



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

Alegación formulada respecto da transmisibilidade, presentada con rexistro de entrada 2024-E-Re-495, subsanado co 2024-E-RC-950.

Rexeitar ditas alegacións polos motivos expostos no informe xurídico emitido pola Secretaria baixo o núm. 2024-0019 de data 22.03.2024

SEGUNDO.— Non aceptar polos seguintes motivos as suxestións/ alegacións que se detallan a continuación:

As alegacións formuladas respecto a varias cuestións no escrito presentado con rexistro de entrada 2024-E-Re-495, subsanado co 2024-E-RC-950, non se aceptan xa que se considera que o texto final foi debidamente consensuado cos diferentes colectivos locais nos procesos participativos previos á súa aprobación inicial, sendo o resultado a ordenanza máis adecuada para a realidade da venda ambulante da vila e dando cumprimento á legalidade.

TERCEIRO.— Aprobar definitivamente o Regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo contido na proposta da concelleira delegada de Persoal, Promoción Económica, Comercio Local, Turismo e Praias de data 22.12.2023 con CSV:5376KYEHWK345WMTWNCQPW2PJ e publicada no BOP núm. 17 de 24.01.2024.

CUARTO.— Ordenar a publicación do texto íntegro do Regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo no BOP, na web do concello e no taboleiro electrónico de anuncios do concello.

## *REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE E PRODUTOS DO CAMPO DO CONCELLO DE BUEU*

### *CAPITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS*

#### **Artigo 1. Obxecto da norma**

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación da venda ambulante no Concello de Bueu nas modalidades que se regulan nel así como a venda de produtos do campo e o seu réxime sancionador, de acordo coas competencias atribuídas aos concellos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista; Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como as normas que modifiquen, complementen ou substitúan ás anteriores.

#### **Artigo 2. Réxime xurídico**

Será de aplicación a esta materia, ademais do contido neste Regulamento, a seguinte normativa:

— Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

- Texto Refundido da Lei xeral de defensa de consumidores e usuarios aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.
- Demais normativa que sexa de aplicación, especialmente as normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto en concreto.

### Artigo 3. Concepto e modalidades de venda ambulante

1. Considérase venda ambulante, para os efectos da presente norma, aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións – tenda.

2. As modalidades de venda ambulante permitidas no Concello de Bueu serán as seguintes:

- a) A venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas entre outras, as realizadas en feiras e mercados.
- b) A venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados e que será autorizada con carácter excepcional, tales como a venda de castañas, roscas, e outro tipo de alimentos.
  - b.1) Dentro desta modalidade inclúese:
    - A venda de flores en zonas próximas aos cemiterios municipais.
    - A venda de palmas na tempada de Pascua.
- c) A venda ambulante en mercados ocasionais: que é aquela autorizada de maneira non periódica, que teñan lugar con motivo de festas ou acontecementos populares, previamente autorizados pola Alcaldía ou órgano no que delegue.
- d) A venda ambulante en camiión ou vehículo–tenda de produtos perecedoiros con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios, no seu caso, que autorice o Concello.
- e) A venda ambulante de produtos de alimentación en food truck na vía pública: aquela autorizada para vehículos autorizados para a venda e elaboración de produtos alimentarios segundo as normativas sectoriais vixentes. En situacións e períodos determinados e que será autorizada con carácter excepcional.

3. Non terán a consideración de venda ambulante:

- a) As vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

- b) Venda directa de produtos agrícolas de tempada exercida polos propios agricultores no seu termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción. Aínda que non ten consideración de venda ambulante tamén é obxecto de regulación no presente Regulamento. Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas para o efecto.

#### **Artigo 4. Suxeitos da venda**

A venda ambulante vai poder exercela toda persoa física ou xurídica legalmente constituída e dedicada profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo e que reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e demais normativa que fose de aplicación.

A venda de produtos agrícolas de tempada van podela exercer as persoas físicas, aínda no caso de que non se dediquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo, sempre que reúnan os demais requisitos que para este tipo de venda se establecen neste Regulamento.

#### **Artigo 5. Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante**

Para o exercicio da venda ambulante, as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser persoa física ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída para exercer a actividade de venda ambulante.
2. No caso de persoas estranxeiras non comunitarias deberán estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo e, se procede dun país comunitario, haberá de ter a tarxeta de residencia.
3. Estar dada de alta no epígrafe do IAE, modalidade de venda ambulante e no réxime correspondente da Seguridade Social.
4. Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Ter contratada e ao día unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.
6. Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables aos produtos autorizados que teñan á venda.
7. No caso de venda de artigos alimenticios, estar en posesión do carné sanitario de manipulador de alimentos actualizado.
8. Estar en posesión da autorización municipal correspondente para este tipo de venda.
9. Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil, a obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor e cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto da venda.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

10. As instalacións e maquinaria que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reunirán en todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podéndose ordenar a retirada das instalacións ou maquinaria que non reúnan as devanditas características.

Para o exercicio da venda ambulante en camiión ou vehículo-tenda que inclúa mercadorías perecedoiras, deberá cumprir os seguintes requisitos en relación co vehículo:

- a) Certificado ATP en vigor.
- b) Documentación do vehículo con indicación da clasificación e ITV en vigor.
- c) Acta de inspección sanitaria.

## *CAPITULO II.- COMPETENCIAS MUNICIPAIS*

### **Artigo 6. Correspóndelle ao Concello de Bueu, dentro do seu termo municipal:**

1º. Conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante, de acordo co establecido neste Regulamento.

2º. Revogar ou anular a autorización concedida cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa concesión e segundo o disposto no art. 13 deste Regulamento

3º. Fixar na correspondente ordenanza fiscal as taxas para o exercicio da actividade no dominio público municipal.

4º. Establecer a ubicación, datas e horarios de celebración das feiras e mercados do Concello, a súa modificación e supresión.

5º. Determinar os artigos dos que se autoriza a venda nos mercados que se celebren no termo municipal.

6º. Establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento do tránsito normal de vehículos e peóns, indicando as vías de circulación e os espazos de aparcamento, carga e descarga.

7º. Establecer as condicións de vixilancia e control no desenvolvemento da feira ou mercado.

8º. Impoñer as sancións correspondentes ás condutas constitutivas de infracción, de acordo co establecido no Capítulo VI do presente Regulamento.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

*CAPITULO III.- RÉXIME XERAL DE AUTORIZACIÓN***Artigo 7. Autorización Municipal**

1.— Necesidade.—O exercicio da actividade de venda ambulante nos espazos públicos do Concello de Bueu, en calquera das súas modalidades, requirirá da previa obtención da correspondente autorización municipal, de acordo co procedemento previsto neste Regulamento e demais normativa que sexa de aplicación.

2.— Duración limitada.— Atendendo a súa vixencia as autorizacións poden ser de dous tipos:

- a) As outorgadas con carácter estable en feiras periódicas organizadas, como a do casco urbano de Bueu, conforme ao procedemento de outorgamento previsto no artigo 8 deste Regulamento. Estas autorizacións terán unha duración máxima de catro anos, prorrogables de forma expresa, no seu caso, por idénticos períodos.
- b) As de carácter diario ou eventual para ambulantes en ruta, ambulantes ocasionais e pequenos industriais ou artesáns.

Aqueles interesados en exercer a actividade ocasionalmente durante días illados, deberán presentar a súa solicitude de acordo co establecido no artigo 9.1 e 9.2 deste Regulamento, polo menos quince días antes daquel en que pretenda exercerse a actividade. Se non se contesta a dita solicitude por parte da Administración o sentido do silencio administrativo será negativo considerándose desestimada a solicitude de autorización.

Cando esta modalidade de venda ambulante ocasional se pretenda realizar en feiras periódicas organizadas, como a do casco urbano de Bueu, a súa autorización estará supeditada en todo caso á dispoñibilidade de espazo dentro do perímetro delimitado da feira, debendo a tal efecto emitirse un informe por parte do persoal encargado da feira ou Policía Local que acredite dita dispoñibilidade e, no seu caso, o lugar no que deberá situarse o posto.

3.— Publicidade.— O vendedor deberá ter exposta ao público e ás autoridades ou persoal que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible, a tarxeta ou documento á que fai referencia o artigo 10.

A tal efecto o Concello expedirá o documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante no que constarán os datos establecidos no dito artigo 10 e un enderezo do vendedor para a recepción de posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

4.— Requirirase unha autorización por cada posto e para cada unha das modalidades de venda ambulante.

5.— A autorización é persoal e habilitará para o exercicio da venda ambulante ao seu titular. Non obstante poderá actuar como autorizado no seu nome o cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou descendentes maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral, ata un máximo de dúas persoas autorizadas por cada autorización municipal, debendo identificar o titular ás mesmas nos termos sinalados no artigo 9.4.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

A persoa habilitada, así entendida, poderá exercer a venda ambulante como tal en substitución da persoa titular e no mesmo posto autorizado, resultando obrigadas todas elas a cumprir todas as condicións, requisitos e normas aplicables á autorización de venda.

6.— A autorización dá dereito a un só posto de venda e só poderá outorgarse unha autorización por cada IAE de venda ambulante, tanto para as persoas físicas como xurídicas, debendo designar á persoa que desenvolverá a venda en cada posto e xustificando a relación laboral ou societaria que lle habilite.

7.— Competencia: o outorgamento das autorizacións será competencia da Xunta de Goberno Local, previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos.

8.— O persoal encargado da xestión da Feira ou a Policía Local poderá ordenar o cambio provisional de colocación dos postos con motivo da realización de obras nas rúas e prazas onde están colocados, por motivos de seguridade ou por outras causas debidamente xustificadas de interese público.

9.— A autorización poderá ser revogada unilateralmente por razóns de interese público, sen xerar neste caso dereito algún de indemnización.

## Artigo 8. Transmisión da autorización

As autorizacións serán transferibles, nos termos do artigo 72.2 e 76.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia a outras persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos establecidos neste Regulamento para o outorgamento da mesma e previa comunicación escrita. A transmisión dunha autorización non afectará ao prazo de vixencia da mesma, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración.

A transmisión deberá facerse nun prazo máximo de 6 meses despois da comunicación oficial do falecemento ou renuncia.

A autorización será transmisíble despois da comunicación á administración municipal, logo do pago das taxas correspondentes e a presentación da documentación correspondente por parte do novo titular, conforme cumpre os requisitos desta ordenanza. Para a transmisión da autorización o Concello comunicarlle á persoa interesada os prazos que restan para a súa extinción.

A transmisión da autorización o é para a mesma modalidade de venda ambulante que a da autorización transmitida.

No caso de falecemento ou renuncia expresa do/a titular, poderá autorizarse o cambio de titularidade a favor do/a cónxuxe ou parella de feito, descendentes ou ascendentes de primeiro grao do/a titular. De haber máis de un parente do mesmo grao, terá preferencia o que acredite a continuidade na actividade e, en situación de igualdade, a persoa de máis idade.

No caso de enfermidade do/a titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade, a Administración, a petición do/a titular, poderá autorizar o exercicio



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

da venda ambulante ao cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou descendentes ata o primeiro grao de consanguinidade que estean designados na autorización. De non existiren substitutos/as terá dereito a reserva polo prazo da enfermidade, sempre que non supere o prazo máximo de incapacidade da Seguridade Social.

As administracións públicas poderán comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, e notificarlle, no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír infracción á lexislación de defensa da competencia.

A solicitude de transmisión farase polo modelo conforme o ANEXO III.

### **Artigo 9. Procedemento de outorgamento da autorización**

1.— Con carácter xeral, as autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento para a selección entre os posibles candidatos haberá de garantir a publicidade, transparencia e imparcialidade.

As autorizacións outorgaranse mediante sorteo sempre e cando as persoas solicitantes cumpran as condicións establecidas nas bases da convocatoria de autorizacións ata ocupar as 56 vacantes.

As autorizacións outorgaranse por tempo determinado, sendo o seu prazo máximo de duración de catro anos, prorrogables de forma expresa por idénticos períodos. A concesión da prórroga estará condicionada en todo caso a que non existan novas solicitudes que superen o número de postos dispoñibles nese momento, co fin de garantir o libre acceso e o exercicio da actividade, téndose que abrir nese caso un novo procedemento de selección e concesión das autorizacións.

2.— Transcorrido o prazo máximo de duración da autorización, ou das prórrogas que no seu caso podan acordarse, esta declararase caducada debendo iniciarse un novo procedemento que garanta os principios sinalados no punto anterior e os que establezan as normas que lle sexan de aplicación, abríndose un prazo para que por parte dos interesados se presenten novas solicitudes.

Se o número de solicitudes supera o número de postos dispoñibles para cada un dos 3 tipos de postos permitidos neste Regulamento e produtos autorizados, realizarase un sorteo público para determinar os adxudicatarios da autorización. Cos restantes solicitantes que non resultaron adxudicatarios elaborárase unha lista de espera para cubrir posibles baixas ou extincións anticipadas de autorizacións nos casos aos que se refire o artigo 13 do presente Regulamento.

### **Artigo 10. Solicitude. Contido**

1.— As solicitudes de venda ambulante deberán ser feitas polo interesado ou representante autorizado conforme ao modelo que consta como Anexo I e conter os seguinte datos:





Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

- a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificacións, número de identificación fiscal (NIF) e no caso de estranxeiros, o núm. do NIE. Iguais datos faranse constar cando a solicitude se formule por representante autorizado.
- b) Feira ou mercado no que se pretende exercer a actividade de venda e o emprazamento solicitado.
- c) Mercadorías ou artigos que pretende sexan obxecto da venda.
- d) Tempo polo que se solicita a autorización.
- e) Dimensións, segundo o tipo de postos permitidos (PA, PB, PC), indicando, para estes efectos, se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende vehículo – tenda.
- f) Modalidade de venda ambulante.

Coa solicitude enténdese que a persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que coñece as normas ás que debe axustarse a súa actividade, e que se compromete en todo momento a cumprilas, sendo os posibles incumprimentos da súa exclusiva responsabilidade.

2.— O impreso da solicitude acompañarase da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF do solicitante e, no caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte, do permiso de residencia e de traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente, ou a documentación esixida en cada momento pola lexislación de estranxeiría.  
As persoas xurídicas deberán acreditar: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa.
- b) Copia do alta na Seguridade Social e xustificante do último pago realizado das cotas correspondentes.
- c) Se a autorización afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar certificado de ter recibido formación en materia de manipulador de alimentos.
- d) Declaración de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou xustificante que acredite o aprazamento do pagamento.
- e) Alta no epígrafe do IAE na modalidade correspondente de venda ambulante, e estar ao corrente do seu pagamento ou, no seu caso, no censo de obrigados tributarios.
- f) Seguro de responsabilidade civil que garanta o exercizo da actividade de venda ambulante e recibo de pago que acredite a vixencia do mesmo.
- g) No caso de venda mediante camión ou vehículo–tenda, certificado ATP en vigor, copia do permiso de circulación do vehículo, tarxeta de Inspección Técnica de Vehículos (ITV), último recibo de pagamento do seguro obrigatorio de vehículos de motor, certificado sanitario de que o vehículo cumpre o Regulamento europeo nº 852/2004 relativo á hixiene dos produtos alimenticios, boletín de instalación eléctrica emitido por instalador autorizado, e no seu caso, boletín de instalación de gas cando se utilicen electrodomésticos ou aparatos que funcionen con gas butano ou propano.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

A documentación referida nos apartados b), d) e e) poderá substituírse pola autorización ao Concello para verificar tales datos, que se entenderá concedida coa solicitude salvo que se manifieste o contrario.

3.— No caso de que a solicitude ou documentación presentada non sexa correcta, concederáse un prazo de dez días para a súa subsanación, con indicación ao interesado de que se non o fixera terase por desistido da súa solicitude.

4.— Unha vez recibida a notificación de outorgamento da autorización, os solicitantes, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación:

- a) Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.
- b) Xustificante do pago das taxas municipais polo exercicio da venda no dominio público municipal.
- c) No seu caso, nome da persoa/s autorizadas polo titular para o exercicio da actividade e xustificante acreditativo da relación que os une: certificado de nacemento ou copia do Libro de Familia, copia do contrato de traballo que acredite a relación laboral da persoa que vaia a desenvolver a actividade ademais do titular ou das persoas que o farán en nome do titular cando sexa persoa xurídica, estar dado de alta no réxime correspondente de Seguridade Social, no seu caso certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos, permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratara de persoas estranxeiras.

De non se presentar toda a devandita documentación no prazo concedido, non terá validez a autorización provisional previamente recoñecida.

### Artigo 11. Contido da Autorización

O Concello de Bueu expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se farán constar os seguintes datos:

— Identificación do titular, con nome completo, número do DNI e fotografía, indicando no seu caso, as persoas autorizadas para a venda a que se refire o art.7.5 cos seus datos identificativos.

— Prazo de vixencia.

— Número de autorización.

— Número de posto.

— Modalidade de comercio ambulante autorizado.

— Tipo de posto a instalar, indicando dimensións, emprazamento no perímetro delimitado e número adxudicado.

— Horarios e datas nas que se poderá levar a cabo a actividade (no seu caso).

— Produtos autorizados para a venda.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

— Condicións particulares ás que se suxeita a autorización da actividade (no seu caso).

O documento orixinal e normalizado da Autorización deberá ser exhibido polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada en lugar perfectamente visible.

### **Artigo 12.- Rexistro de vendedores ambulantes**

1.— O Departamento de Urbanismo do Concello de Bueu levará, aos meros efectos estatísticos e de control interno, un censo no que se numerarán correlativamente as autorizacións concedidas e as súas transmisións, indicándose os titulares das mesmas e as súas características de conformidade co artigo anterior.

2.— A inscrición neste censo non ten carácter de habilitación para o exercicio da actividade comercial e os seus datos actualizaranse de oficio.

### **Artigo 13. Extinción da Autorización Municipal**

1.— Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste Regulamento, as autorizacións extínguense por:

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron.
- b) alta de pagamento das taxas municipais correspondentes.
- c) Causas sobrevidas de interese público, incluso antes da terminación do prazo polo que se outorgou a autorización.
- d) Perda dalgún dos requisitos establecidos no seu outorgamento.
- e) Non asistir a tres feiras ou mercados consecutivos ou seis alternos, ao longo da vixencia da autorización, salvo causa xustificada que deberá poñer en coñecemento do Concello.  
e.1) será causa xustificada a enfermidade ou ingreso hospitalario da persoa autorizada que deberá xustificarse debidamente a través do rexistro xeral do Concello de Bueu ou na sede electrónica de dito concello.
- f) Falta de pagamento en período voluntario das sancións municipais que se impuxesen.
- g) Cometer algunha das infraccións tipificadas como infracción moi grave, ou reincidir en calquera infracción, entendendo por reincidencia a comisión da mesma infracción dúas veces no prazo de un ano, cando así sexa declarado por resolución firme.
- h) Falecemento ou renuncia expresa e escrita do titular, salvo autorización de cambio de titularidade a favor do cónxuxe ou parella de feito, ou descendente ou ascendente nos termos que indica o artigo 7.8 do Regulamento.

2.— Os expedientes de extinción tramitaranse no departamento de urbanismo e requirirán de resolución do Alcalde no que se acredite a concorrencia da causa de extinción, salvo nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente.

3.— No caso de extinción da autorización antes da finalización do seu período de vixencia, serán asignadas da seguinte forma e polo período que reste de vixencia na autorización:



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

- a) Aos solicitantes que se atopen en lista de espera logo de haberse realizado, no seu caso, o sorteo ao que se refire o artigo 8.2 deste Regulamento.
- b) En defecto de dito sorteo, aos solicitantes de autorización que presentaran a súa solicitude antes da finalización do seu período de vixencia.
- c) No caso de ser varios, asignarase o posto vacante por orde estrita de solicitude. Si coinciden a data e hora da solicitude, asignarase o posto vacante por sorteo.
- d) No caso de que non existan solicitantes en lista de espera, abrirase un prazo de 30 días naturais para que os titulares doutros postos do mesmo tipo (PA, PB, PC) poidan solicitar o cambio para o emprazamento vacante, que se publicitará no taboleiro de anuncios aloxado na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que se poida publicar tamén na páxina web municipal.

No caso de ser varios, asignarase o posto vacante por orde estrita de solicitude. Si coinciden a data e hora da solicitude, asignarase o posto vacante por sorteo.

#### *CAPÍTULO IV.- DEREITOS E OBRIGAS*

#### **Artigo 14. Dereitos dos titulares da autorización**

As persoas autorizadas para o exercicio da venda ambulante, segundo o establecido nos artigos anteriores do presente Regulamento, terán dereito a exercela nos días e lugares autorizados, salvo que coa debida antelación o Concello lles comunique a súa imposibilidade por concorrer causas de interese público debidamente xustificadas. Sempre que sexa posible, o Concello habilitará outro lugar ou autorizará outras datas para que se desenvolva a actividade.

#### **Artigo 15. Obrigas das persoas autorizadas**

A autorización municipal implica as seguintes obrigas ao seu titular:

- a) En canto á venda:
  1. Ter á vista a autorización formalizada polo Concello.
  2. Respetar os horarios da feira ou mercado no que estea autorizado, aínda que esgote as mercadorías.
  3. Ir á feira, mantendo o posto con actividade, tendo que comunicar ao Concello a ausencia temporal xustificada.
  4. Realizar a venda de aqueles produtos para os que estea autorizado.
  5. Cumprimento da normativa de protección ao consumidor e da que regula cada tipo de venda, a de prezos e etiquetado.
  6. Conservar as facturas e albaráns de entrega da mercadoría posta á venda.
  7. Ser respectuoso coa clientela e cos axentes da autoridade encargados do control e vixilancia da feira ou mercado.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

b) Con relación aos postos:

1. Non se poderá ocupar un espazo superior ao da superficie autorizada.
2. Deberán de conservarse os postos, así como a superficie ocupada en perfecto estado de limpeza.
3. O espazo ocupado deberá de quedar, tras a retirada do posto, libre de lixos.
4. Prohíbese o emprego de anclaxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos, salvo aqueles instalados ó efecto polo Concello.
5. Prohíbese o intercambio de emprazamentos no perímetro delimitado e non se poderá ocupar o sitio doutros postos ante a falta de presenza dos seus titulares.

### *CAPÍTULO V.- INSPECCIÓN*

#### **Artigo 16.- Facultades de inspección**

Este Concello por mediación do servizo de Policía Local o por quen designe a Alcaldía, vixiarán e garantirán o cumprimento polos titulares das autorizacións do que dispón este Regulamento e demais normativa aplicable, especialmente en canto ás esixencias e condicións hixiénico – sanitarias.

### *CAPITULO VI.- RÉXIME SANCIONADOR*

#### **Artigo 17.-Clasificación das infraccións**

As infraccións están reguladas nos artigos 104 e 105 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Terán a consideración de infraccións leves:

1. Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.
2. Non facer a limpeza do espazo ocupado polo posto ao rematar a xornada da feira.
3. En xeral, incumprir as obrigas establecidas nesta ordenanza que non sexan obxecto de sanción específica.

Terán a consideración de infraccións graves:

1. Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou lugares autorizados ou fóra dos días e horarios establecidos.
2. Practicar a venda por calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumplan os requisitos establecidos nesta ordenanza e as leis reguladoras.
3. Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas nesta ordenanza e nas demais leis ou de produtos distintos aos autorizados.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

4. Negarse ou resistirse a mostrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades ou os seus axentes no exercicio das súas funcións de comprobación e/ou facilitar información inexacta ou incompleta.
5. Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.
6. Non acreditar mediante a factura ou a autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
7. Instalar o posto nun lugar distinto ao autorizado.
8. Reincidir na comisión de infraccións leves.

Terán a consideración de infraccións moi graves:

1. Negarse ou resistirse a mostrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou os seus axentes no exercicio das súas funcións de comprobación, cando se efectúe a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.
2. Instalar un posto sen autorización.
3. Reincidir na comisión de infraccións graves.

Entenderase por reincidencia a comisión, no período de dous anos, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así sexa declarado por unha resolución firme.

A pesar do sinalado no apartado anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves e á reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorreu en máis de dúas infraccións de carácter leve e fose declarado por unha resolución firme.

## Artigo 18. Competencia sancionadora

En todo caso, as infraccións tipificadas no artigo anterior e clasificadas como infraccións leves, graves ou moi graves, cando sexan relativas á venda ambulante ou non sedentaria, sancionaranse pola Alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 113.4 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

## Artigo 19. Sancións

As infraccións darán lugar ás seguintes sancións:

- 1.— Apercibimento á persoa infractora
- 2.— Multa
- 3.— Incautación e perda da mercadoría
- 3.— Suspensión da actividade comercial da que se trate por un prazo non superior a un ano
- 4.— Revogación da autorización



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

Ao abeiro do previsto no artigo 110 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia as contías das multas serán as seguintes:

- As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de ata 750 €.
- As infraccións graves sancionaranse con multa de 750,01 € ata 1500 € ou suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles.
- As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 1500,01 ata 3.000 €, suspensión temporal da autorización de 30 días hábiles a seis meses ou revogación da autorización sen dereito a indemnización, ata coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Ademais, no caso de infracción moi grave poderá impoñerse a sanción da prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio por período de ata un ano.

## Artigo 20. Procedemento

A imposición das sancións será competencia da persoa titular da Alcaldía, e requirirá a previa instrución do correspondente procedemento sancionador suxeito ás garantías e requisitos previstos na normativa legal de aplicación, en especial e de conformidade cos principios e procedemento regulado na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público a tal efecto, ou nas normas que as poidan substituír no futuro.

## CAPITULO VII.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE CADA MODALIDADE DE VENDA AMBULANTE

### Artigo 21. Modalidades

As feiras e mercados que se realizan no Concello de Bueu son:

#### 1.— FEIRA DO CASCO URBANO DE BUEU

A celebrada no casco urbano de Bueu, con periodicidade determinada e coa fin de dinamizar a produción da comarca e estimular o intercambio económico e a forma de comercio tradicional.

Ubicación:

Actualmente a zona destinada a actividade de venda ambulante é a comprendida na seguinte localización: Avda Montero Ríos, entre os cruzamentos de Eduardo Vincenti e Johan Carballeira.

O Concello poderá modificar o emprazamento da feira por causas de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución da persoa titular da Alcaldía, debendo en todo caso ter unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene, respecto ao medio urbano onde se instale e conte con superficie pavimentada e suficientes contedores destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

Os postos de venda instalaranse no espazo delimitado polo Concello, deixando libre os accesos a edificios de uso público, establecementos industriais ou comerciais, o espazo diante dos escaparates ou exposicións, e de xeito que non se dificulten tales accesos á circulación peonil.

Unha vez transcorrido o horario de montaxe dos postos, queda prohibida a permanencia ou entrada de calquera vehículo no recinto do mercado, salvo días de temporal ou forza maior. Esta prohibición non afecta aos vehículos-tenda ou aqueles outros vehículos que son necesarios para a realización da venda ambulante, que en todo caso, requiriran a autorización previa do Concello.

DATAS: Os días de feira serán os luns e os xoves de cada semana, agás que eses días sexan festivos, e cuxa celebración quedará supeditada á decisión da alcaldía.

Montaxe dos postos: deberá efectuarse entre as 8:00 e as 10:00 h.

a) Actividade comercial: de 8:00 a 15:30 h.

b) Carga e recollida dos postos: de 14:00 a 15:30 h.

Excepcionalmente, por causa xustificada e previa autorización do Concello, poderase rematar a actividade comercial e proceder a carga e recollida do posto entre as 15:00 e as 16:00.

Vendedores:

Poderán exercer a venda ambulante todos os comerciantes que posúan a correspondente Autorización municipal, nas condicións nela recollidas.

Postos:

— 3 tipos de postos. Dimensións :

PA: postos de ata 9 metros de fronte x5 metros de fondo : 45 metros cadrados.

PB: postos de ata 6 metros de fronte x5 metros de fondo : 30 metros cadrados.

PC: postos de ata 3 metros de fronte x5 metros de fondo : 15 metros cadrados.

— A venda autorizarase en postos con estrutura facilmente desmontable e transportable, cunha cobertura de lona ou toldo impermeable ou en camión ou vehículo tenda que deberán ser dunhas condicións axeitadas ás características dos produtos autorizados en cada caso.

— Debe ter unha tarima cunha altura mínima, a contar dende o chan, de 0,60m.

— Deben ter un receptáculo con tapadeira dentro do posto para verter os residuos xerados na actividade do comercio.

— Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos.

— Os postos teñen que estar en boas condicións de aseo e hixiene.

Produtos:

Os artigos autorizados para a venda nos postos desmontables son:





Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

1.— Alimentación: froita, hortalizas e verduras, patacas, queixos do país e curados, etiquetados, ovos, embutidos, carnes curadas, produtos do forno e churros ou produtos semellantes.

2.— Xeral: téxtil e calzado .

3.— Artesanía e bixutería en xeral.

4.— De tempada: árbores froiteiras, plantas e flores.

Queda expresamente prohibida a venda de carnes e caza frescas, refrixerados e conxelados, peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite, queixos frescos, requexos, nata, manteiga, iogures e outros produtos lácteos frescos, pastelería e dozaría rechea ou guarnecida, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados ou outras semiconservas, así como aqueles outros produtos que polas súas especiais características e a xuízo da autoridade competente leven riscos sanitarios. Non obstante poderase permitir a venda dos produtos anteriormente citados cando dispoñan de instalacións frigoríficas ou estean debidamente envasados.

O Concello poderá non autorizar en determinados momentos a venda de produtos que poidan ser prexudiciais para a saúde pública. Igualmente estará prohibida a venda daqueles produtos cando a normativa específica así o estableza.

A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento as condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infraccións a tales leis ou normas, estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.

A autoridade municipal poderá comisar os que non cumprisen tales condicións, e baixo a consideración de falta moi grave abrir o oportuno expediente sancionador ao responsable da venda. Nos supostos en que sexa previsible o comiso dos produtos, poderase proceder á intervención cautelar destes.

## 2.— FESTAS POPULARES E OUTROS MERCADOS OCASIONAIS

Este tipo de feiras ou mercados poderaos organizar o Concello de Bueu, de xeito periódico ou esporádico, mediante resolución da persoa titular da Alcaldía que fará público do xeito que acade a maior difusión posible, como unha maneira de fomentar o turismo do Concello, ou para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca.

No devandito acordo fixarase:

A ubicación dos devanditos mercados. Días e horario de celebración dos mesmos. Produtos autorizados.

Condicións específicas dos postos, se fosen esixibles.

As especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións, tales como vixencia da mesma, prazo de solicitude, persoas recollidas na súa vixencia, debendo en todo caso cumprir cos requisitos sinalados no artigo 4 do Regulamento para ter a consideración de suxeito da venda.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

### 3.— VENDA AMBULANTE EN CAMIÓN OU VEHÍCULO-TENDA

A venda ambulante en camión ou vehículo-tenda de produtos perecedoiros con carácter itinerante queda autorizada nos núcleos rurais de poboación.

### 4.— VENDA AMBULANTE EN FOOD TRUCK

A venda ambulante en food truck ou outro tipo de vehículos autorizados para a venda e elaboración de produtos alimentarios segundo as normativas sectoriais vixentes.

## CAPÍTULO VIII.- VENDA DE PRODUTOS DO CAMPO

### Artigo 22. Venda de produtos do campo

A venda directa de produtos agrícolas de tempada exercida polos propios agricultores, limitada á súa propia produción non ten a consideración de venda ambulante segundo se sinala no artigo 3.3 b) do presente Regulamento.

Queda reservado para estes o espazo do frontal da Praza de Abastos de Bueu os días de Feira do Casco urbano de Bueu ou os que o Concello determine.

Cómpre establecer as seguintes condicións para o seu exercicio:

- a) Non ocupar co posto máis de 4 metros cadrados (2 metros de fronte x 2 m. de fondo)
- b) O pago da taxa municipal correspondente.
- c) Será requisitos inescusables para a venda de produtos alimentarios o cumprimento das normativas sectoriais que lle sexan de aplicación.
- d) En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente enriba do chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou directamente en cestas ou paxes, situados a unha altura mínima do chan de 60 cm. e protexendo as mercadorías da choiva e do sol.

No caso de requirir maior ocupación terán a consideración de venda ambulante e deberán obter autorización municipal para a venda ambulante nos espazos das Feiras reservados para a venda de produtos alimentarios por persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas e dedicadas profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo.

e) Os produtos primarios obxecto de venda deberán proceder de explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), así como comunicar á consellería competente por razón da materia a súa intención de acollerse a este réxime, para a súa inscrición de oficio na sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI).

f) As persoas titulares das explotacións que realicen venda directa son responsables da seguridade e inocuidade dos produtos que producen e teñen que cumprir as normativas que afecten as súas actividades.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

g) As consellerías competentes en materia de sanidade animal e vexetal, calidade e seguridade alimentaria, saúde pública e consumo realizarán, a través das unidades administrativas correspondentes, as inspeccións pertinentes no marco das súas respectivas competencias. Os concellos realizarán as inspeccións pertinentes no marco das súas competencias

A solicitude de autorización para a venda directa farase mediante o Rexistro Xeral do Concello de Bueu ou na Sede electrónica de dito Concello conforme ao modelo que consta como Anexo II.

#### *Disposición adicional única*

Quedan excluídos do ámbito desta Regulamento a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente.

#### *Disposición transitoria primeira*

Os comerciantes ambulantes que veñen exercendo este tipo de venda no momento de entrada en vigor desta norma dentro do ámbito do mercado de venda ambulante semanal, e que reúnan os requisitos nela establecidos, comunicarán a súa intención de continuar co exercicio da actividade de acordo co título habilitante vixente, sen que a duración dos mesmos poida ser superior a catro anos a contar dende a publicación e entrada en vigor deste Regulamento no BOP, prorrogables de forma expresa por idénticos períodos, de conformidade co disposto neste Regulamento e no artigo 76 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia ou norma que a substitúa.

O prazo para comunicar a continuidade no exercicio da actividade será de 3 meses, a contar dende a publicación deste Regulamento no BOP, debéndose aportar neste Concello a documentación contida no art.9 deste Regulamento conforme ao impreso normalizado.

O anterior réxime transitorio, quedará sen efecto cando se proceda á concesión, trala correspondente convocatoria cumprindo cos requisitos establecidos na normativa vixente, da totalidade de postos de comercio ambulante que configuran o ámbito do mercado de venda ambulante semanal.

#### *Disposición transitoria segunda*

As solicitudes de autorización que estean en tramitación á entrada en vigor do presente regulamento continuarán a súa tramitación conforme ao procedemento establecido na normativa vixente no momento da solicitude.

#### *Disposición transitoria terceira*

As solicitudes de transmisión que estean en tramitación á entrada en vigor do presente regulamento continuarán a súa tramitación conforme ao procedemento establecido na normativa actual.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

*Disposición final primeira*

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido nos art. 65.2 e 70.2 da Lei 7/85 de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

*Disposición final segunda*

Para o non previsto neste Regulamento será de aplicación o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista; na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia,, así como as normas que modifiquen, complementen ou substitúan as anteriores.

Contra esta Regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Disposición derogatoria única*

Á súa entrada en vigor quedarán derogadas cantas normas, acordos ou resolucións municipais sexan incompatibles ou se opoñan ao establecido neste Regulamento. Facúltase á persoa titular da Alcaldía, ou ao/á concelleiro/a en quen delegue, para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

## ANEXO I

<b>MODELO DE SOLICITUDE PARA INSTALACIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE</b>
--

**DATOS DA PERSOA DECLARANTE**

Nome:	Apelidos:
NIF/NIE:	Enderezo:
Localidade:	Teléfono:
En calidade de:	

**DATOS DA VENDA SOLICITADA**

Titular do posto:	D.N.I. / N.I.E. / C.I.F.:
Enderezo:	Localidade:

**Modalidade de venda:**

- |                                    |                                    |
|------------------------------------|------------------------------------|
| ! Mercadiño semanal (Luns e Xoves) | ! Posto para venda excepcional     |
| ! Mercado ou feira ocasional       | ! Venda en camión-tenda itinerante |
| ! Venda en Food truck              |                                    |

Tipo de artigo posto á venda:	Espazo (m2):	<b>Para casos distintos do mercadiño semanal:</b>
Núm. persoas adicadas á venda:		Período da instalación:
Núm. do Rexistro de Comerciantes de Galicia:		Horario:
		Frecuencia:
		Lugar onde se pretende a instalación:

**Protección de datos:**

Todos estes datos quedan protexidos ó abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do art. 10 (o responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal, están obrigados ó segredo profesional, no que se refire ós datos e ó deber de gardalos, obrigas que subsistirán mesmo despois de rematar a súa relación co titular do ficheiro ou, se é o caso, co seu responsable).



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

Bueu, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

### DECLARACIÓN XURADA:

D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_ con documento núm. \_\_\_\_\_  
declara, BAIXO XURAMENTO:

- Coñecer e cumprir as normas que deben axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas, en especial Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista para adecuala á Directiva de servicios (Directiva 2006/123/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de diciembre, RD 538/2021, do 13 de xullo, polo que se derroga o RD 199/2010, do 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final. o RD 199/2010 do 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante e a normativa sectorial aplicable no termo municipal).

En especial:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ó corrente da tarifa o, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- Estar dado de alta no réxime correspondente da SS e no seu caso estar ao día no pago das cotizacións da Seguridade Social.
- Autorizar ao Concello de Bueu para solicitar ás restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada ou, de ser o caso, acreditar mediante a documentación necesaria a circunstancia de estar dado de alta e ao corrente de pago de impostos de actividade económica ou no censo de obrigados tributarios.
- . No caso de ser prestador procedente de terceiros países, acreditar que coñece e cumpre coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
- . Reunir as condicións exixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante
- . Non estar incluído en calquera dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei para o exercicio do comercio, así como a falta de calquera outra actividade lucrativa.
- . Non realizar actividades con produtos prohibidos.
- . Que declara coñecer, e acepta plenamente, as normas e condicións (sobre seguridade e hixiene,



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

horario de apertura e funcionamento, e todas as demais que resulten preceptivas para o funcionamento da actividade)

Bueu, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

**DOCUMENTACIÓN, EN VIGOR, A PRESENTAR (ORIXINAIS E COPIAS PARA COMPULSA):**

- Fotocopia do D.N.I./C.I.F./N.I.F. ou, no caso de estranxeiros, N.I.E./ Pspte. e permiso de residencia e traballo en vigor.
- Alta no epígrafe correspondente do I.A.E..
- Fotocopia do último recibo do Seguro de Autónomos ou alta no mesmo.
- Xustificante de ter pagadas as taxas municipais correspondentes.
- Declaración xurada.
- Certificado de atoparse ó corrente de pagos coa Facenda Municipal e Seguridade Social, ou xustificante de ter aprazado ó pago. Sen prexuízo do disposto na lei 30/92, poderase reclamar ó solicitante calquera información ou documentación adicional que se considere necesaria para verifica-los datos aportados.
- Copia compulsada da póliza de responsabilidade civil subscrita, ós efectos de posibles danos e accidentes que se puideran derivar do exercicio da actividade.
- Copia do carné de manipulador de alimentos (caso da venda de produtos alimentarios).

**SI SE TRATA DUNHA EMPRESA, SOCIEDADE OU PERSOA XURÍDICA QUEN SOLICITA A AUTORIZACIÓN:**

- Documentación de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil.
- Copia dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenvolve-la actividade no nome do titular.



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

## ANEXO II

### MODELO DE SOLICITUDE VENDA DIRECTA

#### DATOS DA PERSOA DECLARANTE

Nome:	Apelidos:
NIF/NIE:	Enderezo:
Localidade:	Teléfono:
En calidade de:	

#### **Protección de datos:**

Todos estes datos quedan protexidos ó abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do art. 10 (o responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal, están obrigados ó segredo profesional, no que se refire ós datos e ó deber de gardalos, obrigas que subsistirán mesmo despois de rematar a súa relación co titular do ficheiro ou, se é o caso, co seu responsable).

Bueu, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

#### **DECLARACIÓN XURADA:**

D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_ con documento núm. \_\_\_\_\_  
declara, BAIXO XURAMENTO, que coñece as normas ás que se axusta a súa actividade e  
comprométese a observalas.

Bueu, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_





Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

**DOCUMENTACIÓN, EN VIGOR, A PRESENTAR (ORIXINAIS E COPIAS PARA COMPULSA):**

- ! Fotocopia do D.N.I./C.I.F./N.I.F. ou, no caso de estranxeiros, N.I.E./ Pspte. e permiso de residencia e traballo en vigor.
  
- ! Cópia da declaración presentada no SEVEDI
  
- ! Xustificante do pago das taxas municipais correspondentes



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

## ANEXO III

### MODELO DE SOLICITUDE PARA A SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

#### DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome:	Apelidos:
NIF/NIE:	Enderezo:
Localidade:	Teléfono:
En calidade de:	

#### DATOS DO POSTO A TRANSMITIR

Titular do posto:	D.N.I. / N.I.E. / C.I.F.:
Enderezo:	Localidade:

#### **Protección de datos:**

Todos estes datos quedan protexidos ó abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do art. 10 (o responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal, están obrigados ó segredo profesional, no que se refire ós datos e ó deber de gardalos, obrigas que subsistirán mesmo despois de rematar a súa relación co titular do ficheiro ou, se é o caso, co seu responsable).

Bueu, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

#### **DECLARACIÓN XURADA:**

Dª/D. \_\_\_\_\_ con documento núm. \_\_\_\_\_



Xoves, 18 de abril de 2024

Núm. 76

declara, BAIXO XURAMENTO, que coñece as normas ás que se axusta a súa actividade e comprométese a observalas.

Bueu, \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

